

R E V I S T A O R A L

O PAZO DAS MUSAS

Nº 4 / 29 de decembro de 2005

Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo e a Excm. Deputación Provincial de Lugo. Hora: **20 horas**. Lugar: **Refectorio do Museo Provincial de Lugo**. Duración aprox.: **1,30 h**. Deseño gráfico e animación dixital: **Javier Huera García**. Coordina: **Antonio Reigosa**.

“Creo nas musas e entendo que representan a inspiración ou o impulso para escribir algo. As ideas ou as ocurrencias que teño atribúollas sempre a unha musa máis que a un esforzo. Tomo a escritura como un regalo”

Augusto Monterroso (Tegucigalpa, 1921- México D. F., 2003)

## SUMARIO

### Portada musical

*The Duellist* (Nigel Eaton) *Copsa Mica*.

Intérprete: **Pablo Cid** (3')

### Presentación

*Poesía occitana en galego*, por **Darío Xohán Cabana** (5')

### Música

*Soño de Ainhoa* (creación propia)

Intérprete: **Pablo Cid** (3')

### Poesía

Fragmentos de *Capitán dos teus ollos*, por **Xosé Miranda** (3')

### Música

*Caravan* (Duke Ellington)

Intérprete: **Pablo Cid** (3')

### En profundidade

*¿Para que serve a arqueoloxía? Campañas de escavacións no castro de Zoñán*, por **Abel Vigo** (15')

### Música

*Un ir e vir* (creación propia)

Intérprete: **Pablo Cid** (3')

### Ciencia e tradición

*Prognóstico do tempo para o ano 2006 segundo o método “Cabañuelas”*, por **José Alberto González González** (12')

### Música

*Danza do entrenzado* (tradicional)

Intérprete: **Pablo Cid** (3')

### Poesía

Fragmentos de *Capitán dos teus ollos*, por **Xosé Miranda** (3')

### Música

*O medio paso. De Mostade a Millares* (tradicional)

Intérprete: **Pablo Cid** (3')

### Memoria viva

*Atlántico Express*, a revista de avangarda dos anos oitenta en Lugo, por **Xaime da Pena** (10')

Debuxos premiados no Concurso Infantil convocado con motivo do “V Aniversario da Declaración da Muralla Romana de Lugo pola UNESCO como Patrimonio da Humanidade”. (4')

### Música

*En desacordo* (creación propia)

Intérprete: **Pablo Cid** (3')

### Opinión

Intervención libre do público asistente (5')

### Epílogo

Por **Encarna Lago** (3')

### Contraportada musical

*Horokahan* (Stéphane Durand)

Intérprete: **Pablo Cid** (3')

## COLABORAN NESTE NÚMERO

**Gañadores do Concurso de Debuxo “V Aniversario da Declaración da Muralla Romana de Lugo pola UNESCO como Patrimonio da Humanidade”**

**1º Premio:** Diana Katherine Arango Ardila (C.E.I.P. de Paradai, Lugo). **2º Premio:** Mª Victoria Fernández Bettinelli (C.E.I.P. de Paradai, Lugo). **3º Premio:** María Mateos Seirul (C.P.R. PP. Franciscanos, Lugo). **Accésits:** Javier Montoya Bolaños, Andrea Rodríguez López, Cristina Paz Pérez (C. P. R. PP. Franciscanos, Lugo). Lorena Gómez López, Lucía Mato López (C.E.I.P. “Antonio Fernández López”, Oural, Sarria). Andrea Sinde González (C.E.I.P. de Muimenta, Cospeito). Fouad El Ghani (C.E.I.P. de Paradai, Lugo).

**Atlántico Express**

Revista de avanguardia editada en Lugo o ano 1984 da que só viron a luz 4 números. Os artífices foron Xaime da Pena, Honorio, Xermán Refojo e X. Carlos Fernández, e colaboraron, entre outros, Juan Soto, Bordell, Fernando del Valle, Camilo López, J. Antonio Coira, Paco Espinar, Paco Pestana, Lomarti, Antón Grande, Pedro L. Cabanillas, Miguel Anxo Murado, X. A. López Dobao, Pimitivo Marcos, Julio Carballo, Alvez, Roxo, P. Barro, Manuel Curiel, Antón Castro, M. C. Matalobos, Fidel Fernán, Pedro Revaldería, Antonio Murado, X. L. Seixo e José de Cora.

**Cabana, Darío Xohán**

Roás (Terra Chá de Lugo), 1952. Os seus grandes mestres foron e son Xosé Mª Álvarez Blázquez, Manuel María e Méndez Ferrín. Durante moitos anos publicou case exclusivamente poesía. A partir de 1984 adicouse intensamente á tradución de poetas italianos —traducións en verso que respectan rigorosamente a métrica e a rima dos orixinais—. Pola de *A Divina Comedia* foi galardoado co Premio Otero Pedrayo en Galicia; e o Concello de Florencia outorgoulle a súa Medalla de Ouro, considerando a súa tradución como «la più pregevole della dantesca Commedia finora isponibile in area galego-portoghese-brasiliana». A tradución da *Vida nova* recibiu o premio Ramón Cabanillas. Recentemente publicou *Antoloxía do Dolce Stil Novo*, e proximamente verá a luz unha antoloxía dos trovadores occitanos. Ocasionalmente ten traducido poemas franceses e cataláns, e publicou unha versión de *Os Tres Mosqueteiros*. A partir de 1989 publicou principalmente narrativa, entre elas obras de éxito como *Galván en Saor*, *O cervo na torre* e *Morte de rei*. En próximas datas vai tomar posesión como membro da Real Academia Galega.

**Cid Peiteado, Pablo**

Vigo, 1980. Cando tiña tres anos, meus pais mudáronse á aldea luguesa de San Miguel de Senande, onde vivo dende entón. Xa de cativo enredaba facendo pequenos traballos coa madeira ou calquera tipo de actividade manual. Isto foi o que me levou, máis tarde, a comezar estudos de ebanistería nun centro educativo de Vigo. De xeito paralelo, e xa que sempre sentira unha fonda paixón pola música, comecei a toca-la gaita galega. Daquela espertou en min a idea de conxuga-las dúas artes mediante a construción de instrumentos musicais de madeira. Coa fin de amplia-los coñecementos, participei en cursos de acabados tradicionais na madeira, restauración de órganos e mobles antigos, así como de luthería antiga en Xixón da man do mestre francés Benoît Gervais e do asistente galego Antonio Franco. No que atinxe aos instrumentos musicais, até agora lévome centrado na construción de zanfóns. Asemade, arranxo instrumentos de corda. Fai catro anos escomecei estudos musicais da man de Óscar Fernández Sanjurjo na Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque ...de Lalín.

**González González, José Alberto**

Oficial industrial na rama de electricidade e electrodomésticos, e con coñecementos de enerxía solar. A miña afección desde neno foi o estudo da natureza, e en especial a meteoroloxía. Pertenzo á *Asociación Española de Cabañuelas y Astrometeorología*. Presentei ponencias en distintos congresos que a asociación organizou para intercambiar coñecementos e experiencias.

**Lago González, Encarna**

Nacida en Barcelona, instálase definitivamente en Pedrafita do Cebreiro en 1970. Despois de diversas ocupacións comeza a traballar na área de didáctica do Museo Provincial de Lugo en 1991. Desde 1999 ocupa o cargo de Xerente deste museo, tendo como obxectivo e lema da súa xestión *Un museo para todos*.

**Miranda Ruíz, Xosé**

Lugo, 1955. Poeta, narrador e ensaísta, licenciado en Bioloxía e catedrático de Bioloxía e Xeoloxía no Instituto Xoán Montes de Lugo. Entre a súa obra narrativa destacan, entre outros moitos títulos, *Historia dun paraugas azul* (1990), *A biblioteca da iguana* (1994), *O demo á orella* (1996) *Morning Star* (1998), *Ariadna* (2002), *Pel de lobo* (2002). É coautor do *Diccionario dos seres míticos galegos* (1999), *Pequena mitoloxía de Galicia* (2001) *Cando os animais falaban* (2003), *Contos colorados* (2001) *Arrepíos e outros medos* (2004) e da colección *Cabalo buligán*. Como poeta é autor de cinco libros reunidos en *As cidades mergulladas. Poesía reunida* (2003) e deste *Capitán dos teus ollos* (2005). Foi galardonado cos premios Esquíu, Eusebio Lorenzo Baleirón, M. García Barros, Xerais e Merlín.

**Vigo García, Abel**

Mondoñedo, 1978. Licenciado en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela no ano 2000 e actualmente doutorando do Departamento de Historia I da USC. Traballa como arqueólogo municipal de Mondoñedo dende o ano 2001 e, dende o 2002 é o director dos traballos arqueolóxicos no Castro de Zoñán (Mondoñedo, Lugo). Conta con varios artigos publicados sobre o Castro de Zoñán e a prehistoria mindoniense en diversas revistas e xornais e dirixe as *Xornadas Mindonienses de Arqueoloxía* dedicadas á divulgación de temas de carácter arqueolóxico e que veñen de celebrar a súa quinta edición.